

Tráfico libre: maior produción e benestar animal



Uxía e Pablo Lombardía –filla e pai–, socios de Ganadería Lodeiro

Tres Lely Astronaut A5 melloran a calidade de vida dos socios de Ganadería Lodeiro

Na parroquia da Ría de Abres, en Trabada (Lugo), atópase Ganadería Lodeiro, unha granxa familiar con 12 anos de historia ao seu lombo e da que Uxía Lombardía forma parte. Actualmente dispoñen de tres Lely Astronaut A5, cos que moxen a todo o seu rabaño.

Con 150 vacas en lactación divididas en dous parques diferenciados, neste negocio dispoñen de tres Lely Astronaut A5. A media de muxidos diarios é de 3,3, e producen 42,5 kg/vaca/día. “As vacas móxense as veces que o precisan, con folgura de tempo nos robots”, indicou Lombardía.

A VIDA DAS VACAS, MÁIS TRANQUILA COS A5

Os propietarios da explotación apostaron por confiar en Lely dous anos atrás, momento no que decidiron implantar na súa gandería dous robots Lely Astronaut A5; logo de analizar os resultados obtidos, o ano pasado adquiriron unha terceira unidade: “Como se pode ver, cambiámoslles a vida ás vacas, agora teñen un día a día moito máis tranquilo”, contounos Uxía Lombardía, que forma parte desta granxa familiar.

En canto aos motivos que impulsaron os propietarios da granxa a dar este cambio cara ao muxido robotizado con tráfico libre, Lombardía explicou que a razón principal foi para mellorar a conciliación do traballo coa vida familiar e social, pero tamén fo-

ron aspectos clave para dar o paso o retorno económico e a mellora da calidade de vida das vacas, é dicir, o seu benestar animal.

Á hora de definir o deseño da granxa cos Astronaut, buscaron algo cómodo tanto para os gandeiros como para o rabaño. Así pois, os tres robots contan con áreas de separación e un deles ten tamén zona de enfermaría. A maiores, está a zona de parto, onde sitúan as vacas próximas ao parto que, á súa vez, están moi preto de dous dos robots, para logo poder facerlles o primeiro muxido e encalostralo para as súas crías.

O MANEXO DOS ANIMAIS, CON TRÁFICO LIBRE

“O criterio de manexo nesta granxa é tráfico libre”, relataron desde a explotación. Así pois, os seus animais deciden o que facer en todo momento: comer, deitarse, beber, muxirse... “As vacas entran no robot cando queren. Faise o que elixen; por tanto, enténdese que é o mellor para elas”, puntualizou Lombardía.

Juan Alonso, técnico de Agrotec Entrecanales, sinalou que “o que podemos observar nesta gandería, e vese perfectamente, é a amplitude e a sensación que temos de tráfico libre





Grazas ao muxido robotizado, melloraron a conciliación do traballo coa vida familiar e social



Juan Alonso, técnico de Agrotec Entrecañales



MOITO TEMPO LIBRE E CASE NINGÚN FALLO

Cabe resaltar que a cifra de tempo libre dos robots é elevada. Desde Lely indican que a porcentaxe mínima de tempo libre ao día debe ser do 10 % e, en Ganadería Lodeiro, están actualmente nun 13 %, co cal poderían ter máis vacas en muxidura. Con todo, con respecto ao fluxo dos exemplares da granxa, non teñen un dato elevado: a cifra está en 3 kg de leite por minuto, o que lles prexudica no número de exemplares que poden introducir nos robots.


No referente aos fallos do robot, sitúanse en 2,3 diarios, unha cifra óptima: "Isto é moi importante tanto para nós e para os técnicos de Lely, coma para as vacas, porque aumenta a súa calidade de vida ao sufrir menos estrés", sinalou Uxía.

O baixo número de fallos indica, segundo Lombardía, un bo comportamento da máquina, xa que é un indicio de que se adapta a todo tipo de ubres, sen requirir dunha colocación manual, e de que se axusta a todos os comporta-

MULTITUDE DE DATOS CON LELY HORIZON

"Como é sabido por todos, os tempos cambiaron. Incluso as vacas, agora mesmo, son números, e necesitan un software o suficientemente potente que recolla e analice todos os datos. Podémolo ver desde o ordenador ou desde os nosos propios móbiles, que, xunto coas cámaras de vixilancia, nos axuda a saber o que está a pasar aquí en calquera momento", explicou Uxía, que acaba de rematar o Grao en Contabilidade e Finanzas pola Universidade de Oviedo.

Uxía Lombardía manifestou, nese sentido, que "o programa Lely Horizon nos proporciona multitude de datos, por exemplo, a proteína, a graxa, a rumiación etc. Ademais, é un software moi sinxelo, intuitivo e fácil de manexar por todos os membros da familia". Grazas aos datos obtidos con Lely Horizon, en Ganadería Lodeiro afirman que poden dedicar o seu tempo aos animais que requiran de máis atención "por exemplo, vacas en celo ou vacas enfermas" e, os demais, pasan desapercibidos.



Con Lely Horizon obteñen a información necesaria dos seus animais



mentos dos animais, mesmo nos casos máis complexos.

"Queremos mellor vida para o gandeiro, mellor vida para a vaca e máis rendemento económico. Para iso, temos que deixar que as vacas sexan vacas", concluíu Juan Alonso. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Ávila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

